

Bolivia, 4 - 4ª planta
15004 A CORUÑA

Tel: + 34 981 915 970
Fax: + 34 981 915 971
www.nwauditores.com



**INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE
DE CONTAS ANUAIS**

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

**Contas anuais abreviadas correspondentes ao
exercicio rematado ao 31 de decembro de 2016.**

INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS

Ao Padroado de
Fundación Autismo Coruña:

Auditamos as contas anuais abreviadas adxuntas da Fundación Autismo Coruña, que comprenden o balance abreviado a 31 de decembro de 2016, a conta de resultados abreviada, e a memoria abreviada correspondentes ó exercicio rematado en dita data.

Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais abreviadas.

O Padroado é responsable de formular as contas anuais abreviadas adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación Autismo Coruña de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, que se identifica na nota 2 da memoria abreviada adxunta, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Responsabilidade do auditor

A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas anuais abreviadas adxuntas baseada na nosa auditoría. Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da auditoría de contas vixente en España. Dita normativa esixe que cumpramos os requirimentos de ética, así como que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as contas anuais están libres de incorreccións materiais.

Unha auditoría require a aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada nas contas anuais abreviadas. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración de riscos de incorrección material nas contas anuais abreviadas, debida a fraude ou erro. Ó efectuar ditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais abreviadas, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación das políticas contables aplicadas e da razoabilidade das estimacións contables realizadas pola dirección, así como a avaliación da presentación das contas anuais abreviadas tomadas no seu conxunto.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión de auditoría.

Opinión

Na nosa opinión, as contas anuais abreviadas adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación Autismo Coruña, a 31 de decembro de 2016, así como dos seus resultados correspondentes ó exercicio anual terminado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

NW Auditores, S.L.P.
Inscrita en el R.O.A.C. N° S0909

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'José A. Canalejas Couceiro', is written over the printed name.

José A. Canalejas Couceiro

20 de abril de 2017